



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE FRIOL PARA A MELLORA DO FIRME DE VARIAS RÚAS DO CONCELLO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestruturas ten previsto formalizar co Concello de Friol o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Friol para a mellora do firme das seguintes rúas municipais:

- Rúa Concello-Igrexa
- Avda. Rosalía de Castro
- Rúa Mil Mañas
- Estrada da Baiuca

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Concello de Friol conta cunha serie de rúas que necesitan ser reparadas, co fin de ofrecer unha maior seguridade aos vehículos que circulan por elas.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, Plan MOVE, contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade





das persoas.

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras.

A actuación que pretende realizar o Concello de Friol consiste basicamente no reforzo do firme e a sinalización horizontal de diversas rúas do concello. Esta actuación é complementaria á propia idea básica e intrínseca da estrutura elemental da calzada e da infraestrutura viaria.

A consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello de Friol ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a oito de abril de 2016.

